

Resolución pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Económicas, resultante do período de actualización de listas.

Por resolución do 13 de xaneiro de 2026 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Económicas, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, **ACORDO:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Económicas, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Económicas, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os/as candidatos/as figuran por orde do D.N.I, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

O Director de Administración e Servizos Xerais

Ado: Pablo Arbones Maciñeira

(Na data e hora da sinatura dixital . No exercicio das funcións establecidas nos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.)

